



OUTRA VEZ....O VERÁN!!!!

De novo tardes loooongas, días de troula, praias, festas e ata aburrimento. E que millor vacina contra o aburrimento que un bo libro? Coma sempre alá nos fomos o rato gordecho e máis eu a agatuñar polos postos das Feiras do Libro, polos andeis de novidades das librerías, de refisgoneo pola arañeira, si, iso que chamades internet, para buscar as máis bonitas historias e os máis fermosos libros para que volvades poñervos plastas na casa con iso de....


Mamiiii, papiiii, quero un librooooo!!!!!!. Se o dis no tono axeitado, no intre axeitado, seguro que pican. E se non, xa sabes, insiste. Estas son algunhas propostas:

EDUCACIÓN INFANTIL:

- **Coas mans baleiras**-Ana Tortosa- OQO: Acompañada dun gato negro e un polbo, referencias mariñeiras, Alba busca un agasallo especial para o aniversario do seu amigo Mario. E os agasallos especiais non teñen porque costar diñeiro. Só se acompañas a Alba ata o final, saberás quen é o seu amigo Mario.



- **Viches o león?**-A.Quintero- OQO: A pobre ra anda na procura do león para entregarlle unha carta; a todos pregunta, pero o león non fai máis que perseguir á Lúa. Todos, seguro que ti tamén, queren saber o motivo.



- **O peto da risa**-E.Lozano- Galaxia: Un chea de petos máxicos cheos de letras, para formar palabras que agochan nomes, risos, cores, sentimentos. Ábreos para transformar coa súa maxia todo o que podas imaxinar.



- **O tempo voa**- J.P.Mésseder- Kalandraka: Levas unha vida chea de présas e horarios, pero que saibas que hai reloxos diferentes nos que nunca se sabe a hora que é. Queres coñecelos?



- **Os mil brancos dos esquimós**-

- I.Minhós**- OQO: Pensas que o branco é só branco? É o mesmo branco o do bebé foca, o da nube, do xeo, da folerpa?. Con este amigo esquimó aprenderás cantos brancos diferentes hai. Empeza a mirar ao teu arredor.

